

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**2874** *Real decreto lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo.*

I

Os sistemas de pensións dos países da Unión Europea enfróntanse a importantes desafíos no medio prazo derivados de fenómenos demográficos. As baixas taxas de natalidade e o alongamento da esperanza de vida exixen a adaptación destes sistemas para asegurar a súa viabilidade no longo prazo e manter unhas pensións adecuadas para o benestar dos cidadáns de máis idade.

España non é unha excepción, e o sistema da Seguridade Social debe facerse cargo do pagamento dun número crecente de pensións de xubilación por un importe medio que é superior ás que substitúen e que se deben aboar nun período cada vez máis longo, grazas aos progresos na esperanza de vida.

A Unión Europea está a outorgar unha crecente importancia a este desafío. As súas competencias neste ámbito son limitadas, pero as implicacións do proceso para o crecemento económico e a cohesión económica e social son tales que a sustentabilidade dos sistemas de pensións e o impulso do envellecemento activo se converteron nunha prioridade. A Estratexia Europa 2020, que constitúe o marco de referencia para a coordinación das políticas económicas dos Estados membros, é o ámbito desde o cal se impulsa unha política de orientación e coordinación dos esforzos das institucións comunitarias e dos Estados membros para afrontar o reto do envellecemento e o seu impacto sobre os sistemas de protección social.

Froito deste enfoque é a publicación por parte da Comisión Europea do «Libro branco 2012: Axuda para unhas pensións adecuadas, seguras e sustentables», co obxectivo de orientar os instrumentos políticos da Unión para que apoiem os esforzos dos Estados membros para a reforma dos seus sistemas de pensións e propor unha serie de iniciativas que impulsen unha maior coordinación do seguimento dos avances cara a obxectivos comúns no marco da estratexia integrada e global Europa 2020. Este libro branco complementase con outros documentos como o «Informe de envellecemento 2012» ou «Adecuación das pensións na UE 2010-2050».

O libro branco detalla unha serie de recomendacións a nivel global e outras no ámbito de Estado membro, que salientan a necesidade de reformar as pensións tanto polas previsións demográficas analizadas como pola necesaria sustentabilidade das finanzas públicas, máxime en períodos de crise financeira e económica como o actual. Ben que recoñece os progresos realizados na última década, advirte de que é necesario seguir avanzando para garantir a viabilidade no longo prazo.

O incremento da idade de xubilación, a prolongación da vida activa e o incremento da participación no mercado de traballo dos traballadores de máis idade supoñen elementos básicos para a adecuación e a sustentabilidade das pensións. Para isto, é recomendable vincular a idade de xubilación aos aumentos da esperanza de vida, racionalizar o acceso aos plans de xubilación anticipada e a outras vías de saída temperá do mercado laboral, e favorecer a prolongación da vida laboral facilitando o acceso á aprendizaxe ao longo da vida, desenvolvendo oportunidades de emprego para os traballadores de máis idade e fomentando o envellecemento activo.

## II

Os avances realizados neste ámbito por España foron moi ambiciosos e coherentes coas directrices da Unión Europea. O Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións, suscrito o 2 de febreiro de 2011 entre o Goberno e os interlocutores sociais, e as orientacións contidas no Informe de avaliación e reforma do Pacto de Toledo, aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados na súa sesión do 25 de xaneiro de 2011, configuraron unha base sólida para a reforma do sistema de forma consensuada. Boa parte das súas formulacións plasmáronse na Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, que supuxo un avance moi relevante para reforzar a sustentabilidade do sistema de pensións español. Esta norma completouse co Acordo do Consello de Ministros do 28 de outubro de 2011, que aprobou a Estratexia global para o emprego dos traballadores de máis idade 2012-2014 (Estratexia 55 e máis), pola que se establece o marco xeral das políticas que se dirixan a favorecer o emprego das persoas de máis idade.

A recomendación número 12 do mencionado informe de avaliación e reforma do Pacto de Toledo incluía referencias expresas a tres elementos que aínda deben ser abordados para asegurar a sustentabilidade do sistema da Seguridade Social e o impulso efectivo do envellecemento activo. Por unha banda, é necesario conceder unha maior relevancia á carreira de cotización do traballador para favorecer a aproximación da idade real de xubilación á idade legal de acceso á xubilación. Por outra, a xubilación anticipada debería reservarse a aqueles traballadores que conten con longas carreiras de cotización. Finalmente, debe facilitarse a coexistencia de salario e pensión.

Por outra banda, a cuestión do envellecemento activo debe abordarse de forma integral, xa que a transición entre vida activa e xubilación implica tanto a política de seguridade social como as políticas de emprego. Por isto, este real decreto lei incorpora tamén entre os seus obxectivos a loita contra a discriminación por razón da idade no mercado de traballo, así como a racionalización do sistema de prestacións por desemprego para reforzar a súa vinculación cos seus obxectivos orixinais.

O presente real decreto lei aborda estas cuestións a través de medidas no ámbito da xubilación anticipada, a xubilación parcial, a compatibilidade entre vida activa e pensión, a loita contra a fraude, e as políticas de emprego. Estas medidas permiten satisfacer as recomendacións do Consello da UE do 10 de xullo de 2012 no ámbito da sustentabilidade do sistema de pensións e o impulso do envellecemento activo.

## III

O capítulo I deste real decreto lei regula a compatibilidade entre a percepción dunha pensión de xubilación e o traballo por conta propia ou allea para favorecer o alongamento da vida activa, reforzar a sustentabilidade do sistema da Seguridade Social e aproveitar en maior medida os coñecementos e a experiencia destes traballadores. Esta posibilidade, moi restrinxida no ordenamento español ata a data, é habitual nas lexislacións de países da contorna. Permítese así que aqueles traballadores que accederon á xubilación ao alcanzaren a idade legal, e que contan con longas carreiras de cotización, poidan compatibilizar o emprego a tempo completo ou parcial co cobramento do 50 % da pensión, cunhas obrigas de cotización social limitadas.

A sustentabilidade dos sistemas de pensións precisa que os parámetros esenciais que determinan o acceso á protección ou a contía das prestacións se adecuen ás circunstancias e realidades sociais e económicas en que ese sistema se desenvolve. Resulta, por tanto, esencial que a idade de acceso teña en conta a variación da esperanza de vida tanto cando o acceso se produce á idade legalmente establecida como nos supostos en que o acceso é posible a unha idade inferior. Neste sentido, as medidas adoptadas pola Lei 27/2011, do 1 de agosto, resultaban insuficientes para garantir a viabilidade do sistema no longo prazo, ao permitir un afastamento paulatino entre a idade legal de xubilación e a idade á cal é posible acceder a unha xubilación anticipada, e favorecer, en determinadas ocasións, as decisións de abandono temperán do mercado laboral.

Tendo en conta eses obxectivos, é evidente a conveniencia de proceder a modificar a regulación da xubilación anticipada e da xubilación parcial tal como está prevista nos artigos 5 e 6 da Lei 27/2011, do 1 de agosto, así como a relativa á determinación do importe máximo da pensión de xubilación cando tivesen que se aplicar coeficientes redutores por idade no momento do feito causante, a que se refire o artigo 163.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, na redacción dada polo artigo 4 da Lei 27/2011, do 1 de agosto. Aínda que estas normas deberon entrar en vigor o día 1 de xaneiro de 2013, a súa aplicación foi suspendida durante tres meses pola disposición adicional primeira do Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, de mellora de xestión e protección social no sistema especial para empregados de fogar e outras medidas de carácter económico e social, e isto tanto co fin de evitar a existencia de normas consecutivas que poderían operar sobre a mesma materia nun breve lapso de tempo, como ante a imposibilidade material de que as entidades xestoras da Seguridade Social tivesen adaptados nesa data os procedementos de xestión aos cambios que se debían efectuar.

Para tal fin dedícase o capítulo II da norma, no cal se acomete a modificación do réxime xurídico das modalidades de xubilación indicadas, así como doutros preceptos concordantes da Lei 27/2011, do 1 de agosto, como o número 2 da súa disposición derradeira décimo segunda, que establece regras transitorias en materia de pensión de xubilación.

Ante a inminente finalización do prazo de suspensión mencionado, o 31 de marzo de 2013, procede efectuar as modificacións previstas con anterioridade á dita data, o que xustifica as razóns de extraordinaria e urxente necesidade para a súa realización a través deste real decreto lei.

No capítulo III, e a través do seu artigo 9, modifícase a disposición derradeira primeira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, na cal se dá unha nova redacción aos números 6 e 7 do artigo 12 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, relativos á regulación do contrato a tempo parcial e ao contrato de remuda, incorporando a esta as modificacións efectuadas nesta norma relativas á xubilación parcial e mantendo neste sentido a adecuada coordinación entre ambos os textos legais.

Esta disposición derradeira primeira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, tamén foi afectada pola suspensión de tres meses na súa aplicación respecto da inicialmente prevista para o día 1 de xaneiro de 2013, acordada pola disposición adicional primeira do Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, polo que a inminente finalización do dito prazo de suspensión xustifica a extraordinaria e urxente necesidade que lexítima a regulación desta materia mediante real decreto lei.

O capítulo IV regula as achegas económicas por despedimentos que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos en empresas con beneficios, co obxectivo de desincentivar a discriminación de traballadores de máis idade no marco de medidas extintivas de regulación de emprego, así como de racionalizar as obrigas das empresas.

En primeiro lugar, modifícanse determinados aspectos da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, que regula as achegas económicas que teñen que efectuar as empresas con beneficios que realicen despedimentos colectivos que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos para compensar o impacto que xeran estes procesos sobre o sistema de protección por desemprego.

A principal novidade que se introduce consiste en exixir a achega económica exclusivamente ás empresas que utilicen a idade como criterio preferente de selección dos traballadores obxecto de despedimento. De modo que, para que naza a obriga, deberá concorrer un novo requisito consistente en que a porcentaxe de traballadores despedidos de cincuenta ou máis anos sobre o total de despedimentos sexa superior á porcentaxe que os traballadores desa idade representan sobre o total do cadro de persoal da empresa.

Por outra banda, introdúcese unha modificación relativa ao requisito de obtención de beneficios, de maneira que, ademais das empresas que obtivesen beneficios nos dous

exercicios anteriores ao despedimento colectivo, queden incluídas aquelas empresas que obteñan beneficios en polo menos dous exercicios económicos consecutivos dentro do período comprendido entre o exercicio económico anterior ao despedimento colectivo e os catro exercicios económicos posteriores á dita data.

Con esta nova regulación preténdese cumprir máis eficazmente cos obxectivos sociais e orzamentarios para os cales a achega económica foi creada, e que persegue desincentivar o despedimento dos traballadores de cincuenta ou máis anos unicamente por razón da súa idade, promover a súa recolocación e compensar o impacto que estes despedimentos xeran sobre o sistema público de protección por desemprego.

#### IV

A disposición adicional primeira introduce unha serie de cautelas tendentes a evitar que a modalidade de compatibilidade entre a pensión de xubilación e traballo do capítulo I poida ser indebidamente utilizada polas empresas como unha vía de redución de custos a través do emprego desta figura en fraude de lei, mediante a substitución de parte dos postos de traballo actuais -fóra dos supostos previstos na norma- por novas contratacións, que implican unha menor cotización ao sistema da Seguridade Social.

As disposicións adicionais segunda e terceira recollen o réxime de compatibilidades da pensión de xubilación ou retiro de clases pasivas. Para continuar avanzando no proceso de harmonización co réxime xeral da Seguridade Social, resulta conveniente que este novo réxime de compatibilidades da pensión de xubilación se aplique non só ás pensións de Seguridade Social senón tamén ás de clases pasivas, e en termos análogos, é dicir, ás causadas por xubilación ou retiro forzoso, sempre que a porcentaxe aplicable ao haber regulador para efectos de determinar a contía da pensión sexa do cen por cento, mentres que as pensións de xubilación ou retiro forzosas que non cumpran estes requisitos, así como as voluntarias e por incapacidade ou inutilidade para o servizo, seguirán rexéndose pola normativa precedente.

En canto ao ámbito temporal de aplicación da modificación que se propón, cómpre ter en conta que tal modificación non debe afectar aquelas pensións de xubilación ou retiro cuxo feito causante sexa anterior ao 1 de xaneiro de 2009. A razón é que a normativa aplicable a tales pensións actualmente permite a súa compatibilidade co desempeño dun posto de traballo no sector privado sen ningún tipo de limitación, co cal a nova regulación suporía un empeoramento dos dereitos de que gozan na actualidade. Por tanto, unicamente deberá afectar a modificación proposta do artigo 33 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, aquelas pensións de xubilación ou retiro cuxo feito causante sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2009, ben que os efectos económicos derivados dela en ningún caso serán anteriores á entrada en vigor do real decreto lei.

Para ese efecto, modifícase o artigo 33 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado e determínanse o ámbito temporal de aplicación e os efectos económicos da nova regulación.

A disposición adicional cuarta encoméndalle á Inspección de Traballo e Seguridade Social a colaboración e o apoio ás entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social para efectos de comprobar que o acceso á modalidade de xubilación anticipada derivada do cesamento no traballo por causa non imputable á libre vontade do traballador, a que se refire o número 2.A) do artigo 161 bis do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, se produce conforme os requisitos exixidos nel.

A disposición adicional quinta refírese ao informe relativo á previsión social complementaria, que o Goberno debe elaborar en cumprimento da disposición adicional décimo novena da Lei 27/2011, do 1 de agosto, para precisar que deberá conter as propostas oportunas tendentes a facilitar o rescate das achegas realizadas a plans e fondos de pensións mesmo cando o beneficiario opte por compatibilizar o desfrute da pensión de xubilación co traballo.

A disposición adicional sexta prevé que a Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos coñeza das discrepancias xurdidas por falta de acordo sobre a inaplicación

das condicións de traballo previstas nun convenio colectivo, cando a dita inaplicación afecte centros de traballo situados no territorio dunha comunidade autónoma, se nun prazo de tres meses a dita comunidade autónoma non constituíse e puxese en funcionamento un órgano tripartito equivalente á Comisión, ou subscribíse un convenio de colaboración co Ministerio de Emprego e Seguridade Social en que acorde a actuación dela no seu ámbito territorial.

Mediante a disposición adicional sétima prevese que as entidades participadas maioritariamente ou apoiadas financeiramente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, así como os entes, organismos e entidades do sector público estatal que non teñan a consideración de Administración pública, deberán informar unha comisión técnica interministerial, con carácter previo, tanto do inicio de calquera procedemento de despedimento colectivo como de calquera proposta de acordo que sexa presentada á representación dos traballadores durante o desenvolvemento do período de consultas. Isto coa finalidade de que as autoridades dispoñan de información adecuada tanto sobre a situación en que se atopan as entidades como sobre as principais decisións con transcendencia económica e social que se van adoptar no seu ámbito.

A disposición adicional oitava establece que os traballadores maiores de 55 anos que esgotasen a prestación ou subsidio por desemprego, ou que non teñan dereito a eles, terán a consideración de colectivo prioritario para a aplicación de políticas activas de emprego co fin de fomentar a súa permanencia no mercado de traballo prolongando a súa vida laboral, e mediante a disposición adicional novena encoméndaselle ao Goberno a creación, no prazo dun mes, dun comité de expertos independentes para que elabore un informe sobre o factor de sustentabilidade do sistema da Seguridade Social para a súa remisión á Comisión do Pacto de Toledo.

Mediante a disposición derradeira primeira modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social en diversos puntos:

Inclúese un terceiro parágrafo no punto 3 do número 1 do artigo 215 no cal se exige, para ter por cumprido o requisito de carencia de rendas para efectos do subsidio, que a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. A finalidade deste precepto é homoxeneizar a regulación do subsidio para maiores de 55 anos en relación co resto de prestacións do sistema e reforzar as políticas activas de emprego destinadas a este colectivo.

Mediante a modificación do artigo 229 establécese que a entidade xestora da prestación por desemprego poderá exigir aos traballadores que foron despedidos en virtude das letras c), d) e e) do número 1 do artigo 208 a acreditación de ter percibido a indemnización legal correspondente. Non se trata en ningún caso dun requisito novo para acceder á prestación por desemprego senón dun control posterior dirixido a evitar comportamentos fraudulentos.

Mediante a inclusión dun novo número 6 na disposición adicional oitava, tendente a exceptuar o disposto no número 3 do artigo 163 e a escala de idades incluída no número 2.a) do artigo 166 aos traballadores a que se refire a norma 2.<sup>a</sup> da disposición transitoria terceira do Decreto 1867/1970, do 9 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 116/1969, do 30 de decembro, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

A través da modificación da disposición adicional trixésimo novena facilítase a constatación do requisito de estar ao día no pagamento das cotas para efecto das prestacións no caso de traballadores que sexan responsables do ingreso das cotizacións, simplificando o labor dos solicitantes de prestacións no cumprimento da documentación exigida.

Por último, introdúcese unha nova disposición adicional no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, a sesaxésimo cuarta, tendente a estender a aplicación da xubilación parcial aos socios traballadores ou de traballo das cooperativas, para o cal deberán estar incluídos no sistema da Seguridade Social como asimilados a traballadores

por conta allea, nos termos da disposición adicional cuarta, reducir a súa xornada e dereitos económicos nas condicións previstas no número 6 do artigo 12 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e cumprir os requisitos establecidos no número 2 do artigo 166 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. Para isto, a cooperativa deberá concertar cun socio de duración determinada ou cun desempregado a realización, en calidade de socio traballador ou de socio de traballo, da xornada deixada vacante polo socio que se xubila parcialmente, coas mesmas condicións establecidas para a celebración dun contrato de remuda no número 7 do artigo 12 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e conforme o previsto no artigo 166 da citada Lei xeral da seguridade social.

Equipárase deste xeito para o colectivo de socios de cooperativas o réxime de acceso á pensión de xubilación parcial previsto para os traballadores por conta allea.

Na disposición derradeira segunda modifícase o Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, para adecuar a redacción do número 2 do artigo 6 ao establecido no artigo 47.Un, primeiro parágrafo, da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, así como ao artigo 50 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, na redacción dada pola Lei 27/2011, do 1 de agosto, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2013, co fin de unificar o criterio aplicable para o cómputo dos rendementos do pensionista para efectos de determinar o dereito ao recoñecemento do complemento por mínimos.

Tamén se emenda mediante esta disposición a omisión existente na letra a) do número 1 do artigo 7 do Real decreto lei 29/2012, en relación co establecido na letra a) do artigo 47.Dous da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, onde se precisa que as pensións recoñecidas por outro Estado se computen nos mesmos termos que as pensións internas a cargo dun réxime público de previsión social, para determinar a concorrencia ou non da dependencia económica para efectos do recoñecemento do complemento por mínimos con cónxuxe a cargo.

A disposición derradeira terceira modifica o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, co fin de tipificar unha nova infracción moi grave no suposto de incumprimento da obriga de presentar ante a autoridade laboral o certificado a que se refire o número 7 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

Mediante a disposición derradeira cuarta modifícase o Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, ampliando o prazo para a presentación de solicitude de subscripción de convenio especial ata o 31 de decembro de 2014 e o número máximo de mensualidades en que se pode efectuar o pagamento fraccionado do convenio especial.

As disposicións derradeiras quinta e sexta establecen diversas modificacións técnicas do Real decreto 1716/2012, do 28 de decembro, de desenvolvemento das disposicións establecidas, en materia de prestacións, pola Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, e do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

A disposición derradeira sétima contén unha serie de modificacións do Real decreto 1484/2012, do 29 de outubro, sobre as achegas económicas que deben realizar as empresas con beneficios que realicen despedimentos colectivos que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos, que desenvolve a disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, e contén o procedemento de liquidación e o pagamento necesario para a efectividade das achegas. Con isto preténdese adaptar a regulación regulamentaria aos cambios introducidos na disposición legal que desenvolve, permitindo a súa aplicación inmediata.

Así mesmo, de forma coherente coa anterior modificación, a disposición derradeira oitava suprime a disposición adicional primeira do Regulamento dos procedementos de

despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, aprobado polo Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro.

## V

A modificación da regulación da xubilación anticipada e da xubilación parcial, tal e como está prevista nos artigos 5 e 6 da Lei 27/2011, do 1 de agosto, así como a relativa á determinación do importe máximo da pensión de xubilación cando teñan que aplicarse coeficientes redutores por idade no momento do feito causante, a que se refire o artigo 163.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, na redacción dada polo artigo 4 da Lei 27/2011, do 1 de agosto, que aínda que deberían ter entrado en vigor o día 1 de xaneiro de 2013, a súa aplicación foi suspendida durante tres meses pola disposición adicional primeira do Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, debe ter efectos antes do transcurso do prazo indicado, o que xustifica as razóns de extraordinaria e urxente necesidade para a súa realización a través deste real decreto lei, ante a súa inminente finalización.

As mesmas razóns de urxente necesidade derivada da perentoriedade do prazo de suspensión cabe apreciar respecto da modificación da regulación do contrato a tempo parcial e do contrato de remuda a que se refire o artigo 9, afectados ambos igualmente por el, ademais de que neste caso a data de entrada en vigor destas modificacións debe facerse coincidir coa correspondente á da xubilación parcial, co obxecto de manter a adecuada coordinación entre os ordenamentos xurídicos laboral e de seguridade social.

Para os efectos de manter igualmente un tratamento coherente e uniforme en relación coa data de efectos tanto do artigo 8, relativo a normas transitorias en materia de pensión de xubilación e polo que se dá nova redacción ao número 2 da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, como da disposición derradeira cuarta, pola que se modifica a redacción do Real decreto 1716/2012, do 28 de decembro, de desenvolvemento daquela en materia de prestacións, e ante a inminente entrada en vigor das importantes modificacións operadas tanto na regulación da xubilación anticipada como da xubilación parcial, procede a súa regulación mediante o real decreto lei, ao estaren xustificadas as razóns de extraordinaria e urxente necesidade para isto.

Similares argumentos que os esgrimidos no parágrafo anterior xustifican a necesidade de regular mediante este real decreto lei a compatibilidade entre a pensión de xubilación e o traballo, a que se refire o capítulo I, así como o disposto nas disposicións adicionais primeira e segunda, nas cales se regula a obrigatoriedade por parte das empresas de manter o nivel de emprego previo existente nelas e se dispón a colaboración da Inspección de Traballo e Seguridade Social coas entidades da Seguridade Social en relación coa xubilación anticipada, dotando así o conxunto de medidas que se deberán introducir en relación coas distintas modalidades de compatibilidade pensión-traballo dunha data de vixencia uniforme entre elas, de modo que co seu coñecemento se lles facilite aos interesados a elección, de ser o caso, da modalidade que mellor conveña aos seus intereses.

As razóns de extraordinaria e urxente necesidade das distintas modificacións introducidas na Lei xeral da seguridade social contidas na disposición derradeira primeira teñen varias xustificacións. Polo que respecta á extensión da aplicación da xubilación parcial aos socios das cooperativas, pola necesidade de coordinar os seus efectos coas modificacións introducidas na regulación desta modalidade de xubilación. En canto á eliminación de requisitos aos interesados para que poidan acreditar estar ao día no pagamento das cotas para o efecto das prestacións, para non demorar os beneficiosos efectos que esta medida depara, ao conseguirse unha maior celeridade e axilidade nos procedementos de recoñecemento de prestacións.

Polo que respecta ás achegas económicas en supostos de despedimento de traballadores de cincuenta ou máis anos de idade, a necesidade de reducir o impacto social e orzamentario destes despedimentos ante a grave situación actual do mercado laboral e de cumprir cos compromisos orzamentarios determinan a extraordinaria e urxente necesidade de regular esta materia mediante un real decreto lei.

En canto á disposición derradeira segunda, na cal se modifica con efectos do 1 de xaneiro de 2013 o número 2 do artigo 6 do Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, relativo aos complementos por mínimos, co fin de adecuar a súa redacción ao disposto no texto refundido da Lei xeral da seguridade social e na Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, así como a emenda da omisión relativa ao cómputo das pensións recoñecidas por outro Estado para determinar a concorrencia ou non da dependencia económica para efectos do recoñecemento do complemento por mínimos con cónxuxe a cargo do titular da pensión, a propia previsión da norma pola que retrotrae a data de efectos destas modificacións ao día 1 de xaneiro de 2013 xustifican en modo adecuado as razóns de extraordinaria e urxente necesidade para a súa regulación mediante este real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Emprego e Seguridade Social e de Facenda e Administracións Públicas, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de marzo de 2013,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### **Compatibilidade entre a pensión de xubilación e o traballo**

#### *Artigo 1. Ámbito de aplicación.*

1. O disposto neste capítulo será aplicable a todos os réximes do sistema da Seguridade Social, excepto ao réxime de clases pasivas do Estado, que se rexerá polo disposto na súa normativa específica.

O desempeño dun posto de traballo ou alto cargo no sector público, delimitado no parágrafo segundo do artigo 1.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, será incompatible coa percepción da pensión de xubilación.

2. A modalidade de xubilación regulada neste capítulo entenderase aplicable sen prexuízo do réxime xurídico previsto para calquera outra modalidade de compatibilidade entre pensión e traballo, establecida legal ou regulamentariamente.

#### *Artigo 2. Requisitos.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 165 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, o desfrute da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, será compatible coa realización de calquera traballo por conta allea ou por conta propia do pensionista, nos seguintes termos:

a) O acceso á pensión deberá ter tido lugar unha vez cumprida a idade que en cada caso resulte de aplicación, segundo o establecido no artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, sen que, para tales efectos, sexan admisibles xubilacións acollidas a bonificacións ou anticipacións da idade de xubilación que poidan ser de aplicación ao interesado.

b) A porcentaxe aplicable á respectiva base reguladora para efectos de determinar a contía da pensión causada deberá alcanzar o 100 por 100.

c) O traballo compatible poderase realizar a tempo completo ou a tempo parcial.

#### *Artigo 3. Contía da pensión.*

1. A contía da pensión de xubilación compatible co traballo será equivalente ao 50 por 100 do importe resultante no recoñecemento inicial, unha vez aplicado, se procede, o límite máximo de pensión pública, ou do que se estea percibindo, no momento de inicio



da compatibilidade co traballo, excluído, en todo caso, o complemento por mínimos, calquera que sexa a xornada laboral ou a actividade que realice o pensionista.

A pensión revalorizarase na súa integridade nos termos establecidos para as pensións do sistema da Seguridade Social. No entanto, mentres se manteña o traballo compatible, o importe da pensión máis as revalorizacións acumuladas reducirase nun 50 por 100.

2. O pensionista non terá dereito aos complementos para pensións inferiores á mínima durante o tempo en que compatibilice a pensión co traballo.

3. O beneficiario terá a consideración de pensionista para todos os efectos.

4. Finalizada a relación laboral por conta allea ou producido o cesamento na actividade por conta propia, restablecerase a percepción íntegra da pensión de xubilación.

#### Artigo 4. *Cotización.*

Durante a realización do traballo por conta allea ou por conta propia, compatible coa pensión de xubilación, os empresarios e os traballadores cotizarán á Seguridade Social unicamente por incapacidade temporal e por continxencias profesionais, segundo a normativa reguladora do réxime do sistema da Seguridade Social correspondente, aínda que quedarán suxeitos a unha cotización especial de solidariedade do 8 por 100, non computable para as prestacións, que nos réximes de traballadores por conta allea se distribuirá entre empresario e traballador, sendo por conta do empresario o 6 por 100 e do traballador o 2 por 100.

## CAPÍTULO II

### **Modificacións en materia de xubilación na Seguridade Social**

#### Artigo 5. *Contía da pensión de xubilación nos supostos de anticipación no acceso a ela.*

Modifícase o número cinco do artigo 4 da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, dando unha nova redacción ao número 3 e engadindo un novo número 4 no artigo 163 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«3. Cando, para determinar a contía dunha pensión de xubilación, tivesen que se aplicar coeficientes redutores por idade no momento do feito causante, aqueles aplicaranse sobre o importe da pensión resultante de aplicar á base reguladora a porcentaxe que corresponda por meses de cotización. Unha vez aplicados os referidos coeficientes redutores, o importe resultante da pensión non poderá ser superior á contía resultante de reducir o tope máximo de pensión nun 0,50 por 100 por cada trimestre ou fracción de trimestre de anticipación.

4. O coeficiente do 0,50 por 100 a que se refire o número anterior non será de aplicación nos seguintes supostos:

a) Cando se trate de xubilacións causadas ao abeiro do establecido na norma 2.<sup>a</sup> do número 1 da disposición transitoria terceira.

b) Nos casos de xubilacións anticipadas conforme as previsións do número 1 do artigo 161 bis, en relación cos grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre, ou se refiran a persoas con discapacidade.»

#### Artigo 6. *Modificación da xubilación anticipada.*

Dáse nova redacción ao número un do artigo 5 da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, nos seguintes termos:

«Un. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 161 bis nos seguintes termos:

2. Establécense dúas modalidades de acceso á xubilación anticipada, a que deriva do cesamento no traballo por causa non imputable ao traballador e a que deriva da vontade do interesado, para as cales se exigen os seguintes requisitos:

A) Respecto da derivada do cesamento no traballo por causa non imputable á libre vontade do traballador.

a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en catro anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima, sen que para estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o número anterior.

b) Atoparse inscritos nas oficinas de emprego como demandantes de emprego durante un prazo de, polo menos, seis meses inmediatamente anteriores á data da solicitude da xubilación.

c) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 33 anos, sen que, para tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. Para estes exclusivos efectos, só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

d) Que o cesamento no traballo se produciuse como consecuencia dunha situación de reestruturación empresarial que impida a continuidade da relación laboral. Para estes efectos, as causas de extinción do contrato de traballo que poderán dar dereito ao acceso a esta modalidade de xubilación anticipada serán as seguintes:

a. O despedimento colectivo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, conforme o artigo 51 do Estatuto dos traballadores.

b. O despedimento obxectivo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, conforme o artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores.

c. A extinción do contrato por resolución xudicial, conforme o artigo 64 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

d. A morte, xubilación ou incapacidade do empresario individual, sen prexuízo do disposto no artigo 44 do Estatuto dos traballadores, ou a extinción da personalidade xurídica do contratante.

e. A extinción do contrato de traballo motivada pola existencia de forza maior constatada pola autoridade laboral conforme o establecido no artigo 51.7 do Estatuto dos traballadores.

Nos supostos previstos nas letras a e b, para poder acceder á xubilación anticipada derivada de cesamento no traballo por causa non imputable ao traballador, será necesario que este acredite ter percibido a indemnización correspondente derivada da extinción do contrato de traballo ou ter interposto demanda xudicial en reclamación da dita indemnización ou de impugnación da decisión extintiva.

A percepción da indemnización acreditarase mediante documento da transferencia bancaria recibida ou documentación acreditativa equivalente.

A extinción da relación laboral da muller traballadora como consecuencia de ser vítima da violencia de xénero dará acceso a esta modalidade de xubilación anticipada.

Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire esta epígrafe A), a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre que, no momento do feito causante, lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do

establecido no artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima, dos seguintes coeficientes en función do período de cotización acreditado:

- 1.º Coeficiente do 1,875 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización inferior a 38 anos e 6 meses.
- 2.º Coeficiente do 1,750 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a 38 anos e 6 meses e inferior a 41 anos e 6 meses.
- 3.º Coeficiente do 1,625 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a 41 anos e 6 meses e inferior a 44 anos e 6 meses.
- 4.º Coeficiente do 1,500 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a 44 anos e 6 meses.

Para os exclusivos efectos de determinar a dita idade legal de xubilación, considerarase como tal a que lle tería correspondido ao traballador de ter seguido cotizando durante o prazo comprendido entre a data do feito causante e o cumprimento da idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 161.1 a) e na disposición transitoria vixésima.

Para o cómputo dos períodos de cotización tomaranse períodos completos, sen que se equipare a un período a fracción deste.

B) Respecto do acceso anticipado á xubilación por vontade do interesado:

a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima, sen que para estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o número anterior.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, para tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. Para estes exclusivos efectos, só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión que se percibirá debe resultar superior á contía da pensión mínima que lle correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprir os 65 anos de idade. En caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada.

Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire esta epígrafe B), a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre que, no momento do feito causante, lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima, dos seguintes coeficientes en función do período de cotización acreditado:

- 1.º Coeficiente do 2 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización inferior a 38 anos e 6 meses.
- 2.º Coeficiente do 1,875 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a 38 anos e 6 meses e inferior a 41 anos e 6 meses.
- 3.º Coeficiente do 1,750 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a 41 anos e 6 meses e inferior a 44 anos e 6 meses.
- 4.º Coeficiente do 1,625 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a 44 anos e 6 meses.

Para os exclusivos efectos de determinar a dita idade legal de xubilación, considerarase como tal a que lle tería correspondido ao traballador de ter seguido cotizando durante o prazo comprendido entre a data do feito causante e o cumprimento da idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima.

Para o cómputo dos períodos de cotización tomaranse períodos completos, sen que se equipare a un período a fracción deste.»

Artigo 7. *Modificación da xubilación parcial.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número un do artigo 6, nos seguintes termos:

«Un. Dáse nova redacción aos números 1 e 2 do artigo 166 nos seguintes termos:

1. Os traballadores que cumprisen a idade a que se refire o artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima e que reúnan os requisitos para causar dereito á pensión de xubilación, sempre que se produza unha redución da súa xornada de traballo comprendida entre un mínimo do 25 por 100 e un máximo do 50 por 100, poderán acceder á xubilación parcial sen necesidade da celebración simultánea dun contrato de remuda. As porcentaxes indicadas entenderanse referidas á xornada dun traballador a tempo completo comparable.

2. Así mesmo, sempre que con carácter simultáneo se celebre un contrato de remuda nos termos previstos no artigo 12.7 do Estatuto dos traballadores, os traballadores a tempo completo poderán acceder á xubilación parcial cando reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter cumprido as seguintes idades sen que, para tales efectos, se teñan en conta as bonificacións ou anticipacións da idade de xubilación que poidan ser de aplicación ao interesado.

Ano do feito causante	Idade exigida segundo períodos cotizados no momento do feito causante		Idade exigida con 33 anos cotizados no momento do feito causante
2013	61 e 61 e 1 mes	33 anos e 3 meses ou máis	61 e 2 meses
2014	61 e 61 e 2 meses	33 anos e 6 meses ou máis	61 e 4 meses
2015	61 e 61 e 3 meses	33 anos e 9 meses ou máis	61 e 6 meses
2016	61 e 61 e 4 meses	34 anos ou máis	61 e 8 meses
2017	61 e 61 e 5 meses	34 anos e 3 meses ou máis	61 e 10 meses
2018	61 e 61 e 6 meses	34 anos e 6 meses ou máis	62 anos
2019	61 e 61 e 8 meses	34 anos e 9 meses ou máis	62 e 4 meses
2020	61 e 61 e 10 meses	35 anos ou máis	62 e 8 meses
2021	62 anos	35 anos e 3 meses ou máis	63 anos
2022	62 e 62 e 2 meses	35 anos e 6 meses ou máis	63 e 4 meses
2023	62 e 62 e 4 meses	35 anos e 9 meses ou máis	63 e 8 meses
2024	62 e 62 e 6 meses	36 anos ou máis	64 anos
2025	62 e 62 e 8 meses	36 anos e 3 meses ou máis	64 e 4 meses
2026	62 e 62 e 10 meses	36 anos e 3 meses ou máis	64 e 8 meses
2027 e seguintes	63 anos	36 anos e 6 meses	65 anos

A escala de idades indicada non será de aplicación aos traballadores a que se refire a norma 2.<sup>a</sup> do número 1 da disposición transitoria terceira, aos cales se lles exixirá ter cumprido a idade de 60 anos sen que, para estes efectos, se teñan en conta as bonificacións ou anticipacións da idade de xubilación que poidan ser de aplicación aos interesados.

b) Acreditar un período de antigüidade na empresa de, polo menos, seis anos inmediatamente anteriores á data da xubilación parcial. Para ese efecto computarase a antigüidade acreditada na empresa anterior se mediou unha sucesión de empresa nos termos previstos no artigo 44 do Estatuto dos traballadores, ou en empresas pertencentes ao mesmo grupo.

c) Que a redución da súa xornada de traballo estea comprendida entre un mínimo dun 25 por 100 e un máximo do 50 por 100, ou do 75 por 100 para os supostos en que o traballador con contrato de remuda sexa contratado a xornada completa mediante un contrato de duración indefinida, sempre que se acredite o resto dos requisitos. As ditas porcentaxes entenderanse referidas á xornada dun traballador a tempo completo comparable.

d) Acreditar un período de cotización de 33 anos na data do feito causante da xubilación parcial, sen que para estes efectos se teña en conta a parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias. Para estes exclusivos efectos, só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

No suposto de persoas con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por 100, o período de cotización exixido será de 25 anos.

e) Que exista unha correspondencia entre as bases de cotización do traballador con contrato de remuda e do xubilado parcial, de modo que a correspondente ao traballador con contrato de remuda non poderá ser inferior ao 65 por 100 da media das bases de cotización correspondentes ao seis últimos meses do período de base reguladora da pensión de xubilación parcial.

f) Os contratos de remuda que se establezan como consecuencia dunha xubilación parcial terán, como mínimo, unha duración igual ao tempo que lle falte ao traballador substituído para alcanzar a idade de xubilación a que se refire o artigo 161.1 a) e na disposición transitoria vixésima.

Nos casos a que se refire a letra c), en que o contrato de remuda sexa de carácter indefinido e a tempo completo, deberá manterse polo menos durante un tempo igual ao resultado de sumar dous anos ao tempo que lle falte ao traballador substituído para alcanzar a idade de xubilación a que se refire o artigo 161.1 a) e na disposición transitoria vixésima. No caso de que o contrato se extinga antes de alcanzar a duración mínima indicada, o empresario estará obrigado a celebrar un novo contrato nos mesmos termos do extinguido, polo tempo restante. En caso de incumprimento por parte do empresario das condicións establecidas neste artigo en materia de contrato de remuda, será responsable do reintegro da pensión que percibise o pensionista a tempo parcial.

g) Sen prexuízo da redución de xornada a que se refire a letra c), durante o período de desfrute da xubilación parcial, empresa e traballador cotizarán pola base de cotización que, de ser o caso, lle tería correspondido de seguir traballando este a xornada completa.»

Dous. Modifícase o número tres do artigo 6, nos seguintes termos:

«Tres. Engádesse unha nova disposición transitoria, a vixésimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésimo segunda. *Normas transitorias sobre xubilación parcial.*

1. A exixencia do requisito da idade a que se refiren o número 1 e a letra f) do número 2 do artigo 166 aplicarase de forma gradual, conforme o previsto na disposición transitoria vixésima desta lei.

2. A base de cotización durante a xubilación parcial a que se refire a letra g) do número 2 do artigo 166 aplicarase de forma gradual conforme as porcentaxes

calculadas sobre a base de cotización a xornada completa de acordo coa seguinte escala:

- a) Durante o ano 2013, a base de cotización será equivalente ao 50 por 100 da base de cotización que tería correspondido a xornada completa.
- b) Por cada ano transcorrido a partir do ano 2014 incrementarase un 5 por 100 máis ata acadar o 100 por 100 da base de cotización que lle tería correspondido a xornada completa.
- c) En ningún caso a porcentaxe de base de cotización fixada para cada exercicio na escala anterior poderá resultar inferior á porcentaxe de actividade laboral efectivamente realizada.»

*Artigo 8. Normas transitorias en materia de pensión de xubilación.*

Dáse nova redacción ao número 2 da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, nos seguintes termos:

«2. Seguirase aplicando a regulación da pensión de xubilación, nas súas diferentes modalidades, requisitos de acceso, condicións e regras de determinación de prestacións, vixentes antes da entrada en vigor desta lei, ás pensións de xubilación que se causen antes do 1 de xaneiro de 2019, nos seguintes supostos:

- a) As persoas cuxa relación laboral se extingue antes do 1 de abril de 2013, sempre que con posterioridade a tal data non volvan quedar incluídas nalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social.
- b) As persoas con relación laboral suspendida ou extinguida como consecuencia de decisións adoptadas en expedientes de regulación de emprego, ou por medio de convenios colectivos de calquera ámbito, acordos colectivos de empresa, así como por decisións adoptadas en procedementos concursais, aprobados, subscritos ou declarados con anterioridade ao 1 de abril de 2013, sempre que a extinción ou suspensión da relación laboral se produza con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2019.
- c) Os que accedesen á pensión de xubilación parcial con anterioridade ao 1 de abril de 2013, así como as persoas incorporadas antes da dita data a plans de xubilación parcial recollidos en convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresa con independencia de que o acceso á xubilación parcial se producise con anterioridade ou posterioridade ao 1 de abril de 2013.

Naqueles supostos a que se refiren as letras b) e c) en que a aplicación da lexislación anterior teña a súa orixe en decisións adoptadas ou en plans de xubilación parcial incluídos en acordos colectivos de empresa, será condición indispensable que os indicados acordos colectivos de empresa estean debidamente rexistrados no Instituto Nacional da Seguridade Social ou no Instituto Social da Mariña, de ser o caso, no prazo que regulamentariamente se determine.»

### CAPÍTULO III

#### **Modificación do contrato a tempo parcial e do contrato de remuda**

*Artigo 9. Contrato a tempo parcial e contrato de remuda.*

Dáselle nova redacción á disposición derradeira primeira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, nos seguintes termos:

«Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.*

Dáse nova redacción aos números 6 e 7 do artigo 12 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, nos seguintes termos:

«6. Para que o traballador poida acceder á xubilación parcial, nos termos establecidos no número 2 do artigo 166 da Lei xeral da seguridade social e nas demais disposicións concordantes, deberá acordar coa súa empresa unha redución de xornada e de salario de entre un mínimo do 25 por 100 e un máximo do 50 por 100, conforme o citado artigo 166, e a empresa deberá concertar simultaneamente un contrato de remuda, de acordo co establecido no número seguinte, con obxecto de substituír a xornada de traballo deixada vacante polo traballador que se xubila parcialmente. Tamén se poderá concertar o contrato de remuda para substituír os traballadores que se xubilen parcialmente despois de ter cumprido a idade establecida no artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima da Lei xeral da seguridade social.

A redución de xornada e de salario poderá alcanzar o 75 por 100 cando o contrato de remuda se concerte a xornada completa e con duración indefinida, sempre que o traballador cumpra os requisitos establecidos no artigo 166.2.c) da Lei xeral da seguridade social.

A execución deste contrato de traballo a tempo parcial e a súa retribución serán compatibles coa pensión que a Seguridade Social lle recoñeza ao traballador en concepto de xubilación parcial.

A relación laboral extinguirase ao se producir a xubilación total do traballador.

7. O contrato de remuda axustarase ás seguintes regras:

a) Celebrarase cun traballador en situación de desemprego ou que tivese concertado coa empresa un contrato de duración determinada.

b) Salvo no suposto previsto no parágrafo segundo do número 6, a duración do contrato de remuda que se celebre como consecuencia dunha xubilación parcial terá que ser indefinida ou, como mínimo, igual ao tempo que lle falte ao traballador substituído para alcanzar a idade establecida no número 1 do artigo 166 da Lei xeral da seguridade social ou, transitoriamente, as idades previstas na disposición transitoria vixésima. Se, ao cumprir a dita idade, o traballador xubilado parcialmente continuase na empresa, o contrato de remuda que se celebrou por duración determinada poderá prorrogarse mediante acordo coas partes por períodos anuais, e extinguirase en todo caso ao finalizar o período correspondente ao ano en que se produza a xubilación total do traballador substituído.

No suposto previsto no parágrafo segundo do número 6, o contrato de remuda deberá alcanzar polo menos unha duración igual ao resultado de sumar dous anos ao tempo que lle falte ao traballador substituído para alcanzar a idade de xubilación a que se refiren o artigo 161.1.a) e a disposición transitoria vixésima da Lei xeral da seguridade social. No caso de que o contrato se extinga antes de alcanzar a duración mínima indicada, o empresario estará obrigado a celebrar un novo contrato nos mesmos termos do extinguido, polo tempo restante.

No caso do traballador xubilado parcialmente despois de ter cumprido a idade prevista no número 1 do artigo 166 da Lei xeral da seguridade social, ou, transitoriamente, as idades previstas na súa disposición transitoria vixésima, a duración do contrato de remuda que poderá celebrar a empresa para substituír a parte de xornada deixada vacante por el poderá ser indefinida ou anual. Neste segundo suposto, o contrato prorrogase automaticamente por períodos anuais e extinguirase en todo caso ao finalizar o período correspondente ao ano en que se produza a xubilación total do traballador substituído.

c) Salvo no suposto previsto no parágrafo segundo do número 6, o contrato de remuda poderá celebrarse a xornada completa ou a tempo parcial. En todo caso, a duración da xornada deberá ser, como mínimo, igual á redución de xornada acordada polo traballador substituído. O horario de traballo do traballador con contrato de remuda poderá completar o do traballador substituído ou simultanearse con el.

d) O posto de traballo do traballador con contrato de remuda poderá ser o mesmo do traballador substituído. En todo caso, deberá existir unha correspondencia entre as bases de cotización de ambos, nos termos previstos no artigo 166.2 e) da Lei xeral da seguridade social.

e) Na negociación colectiva poderanse establecer medidas para impulsar a celebración de contratos de remuda.»

#### CAPÍTULO IV

### Medidas para evitar a discriminación dos traballadores de máis idade nos despedimentos colectivos

Artigo 10. *Réxime de achegas económicas por despedimentos.*

A disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo sexta. *Achegas económicas por despedimentos que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos en empresas con beneficios.*

1. As empresas que realicen despedimentos colectivos de acordo co establecido no artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, deberán efectuar unha achega económica ao Tesouro público, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que os despedimentos colectivos sexan realizados por empresas de máis de 100 traballadores ou por empresas que formen parte de grupos de empresas que empreguen ese número de traballadores.

b) Que a porcentaxe de traballadores despedidos de cincuenta ou máis anos de idade sobre o total de traballadores despedidos sexa superior á porcentaxe de traballadores de cincuenta ou máis anos sobre o total de traballadores da empresa.

Para os efectos do cálculo da porcentaxe de traballadores despedidos de cincuenta ou máis anos sobre o total de traballadores despedidos, incluíranse os traballadores afectados polo despedimento colectivo e aqueles cuxos contratos se extinguiron por iniciativa da empresa en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, sempre que as ditas extincións de contratos se producisen no tres anos anteriores ou no ano posterior ao comezo do procedemento de despedimento colectivo.

Para os efectos do cálculo da porcentaxe de traballadores de cincuenta ou máis anos sobre o total de traballadores da empresa, terase en conta o cadro de persoal da empresa na data de inicio do procedemento de despedimento colectivo.

c) Que, mesmo concorrendo as causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción que xustifiquen o despedimento colectivo, se cumpra algunha das dúas condicións seguintes:

1.<sup>a</sup> Que as empresas ou o grupo de empresas do cal formen parte tivesen beneficios nos dous exercicios económicos anteriores a aquel en que o empresario inicia o procedemento de despedimento colectivo.



2.<sup>a</sup> Que as empresas ou o grupo de empresas do cal formen parte obteñan beneficios en, polo menos, dous exercicios económicos consecutivos dentro do período comprendido entre o exercicio económico anterior á data de inicio do procedemento de despedimento colectivo e os catro exercicios económicos posteriores á dita data.

Para estes efectos, considérase que unha empresa tivo beneficios cando o resultado do exercicio, tal e como se define nos modelos de contas anuais de perdas e ganancias, tanto normal como abreviada, recollidos no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, ou na normativa contable que sexa de aplicación, sexa positivo.

2. Para o cálculo da achega económica a que se refire o número anterior tomarase en consideración o importe bruto, desde a data do despedimento, das prestacións e subsidios por desemprego dos traballadores de cincuenta ou máis anos de idade afectados polo despedimento colectivo, incluídas as cotizacións á Seguridade Social realizadas polo Servizo Público de Emprego Estatal de acordo co establecido nos seguintes puntos. Tamén se incluírán para os efectos do cálculo da achega económica os importes aboados polo Servizo Público de Emprego Estatal polos referidos conceptos dos traballadores de cincuenta ou máis anos cuxos contratos se extinguísen por iniciativa da empresa en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, sempre que as ditas extincións de contratos se producisen no tres anos anteriores ou no ano posterior ao comezo do procedemento de despedimento colectivo.

No entanto, excluíranse do cálculo da achega económica, por petición da empresa afectada, os importes de prestacións e subsidios por desemprego dos traballadores de cincuenta ou máis anos de idade afectados que fosen obxecto de recolocación na mesma empresa, ou noutra empresa do grupo de que forme parte, ou en calquera outra empresa, nos seis meses seguintes á data en que se produza a extinción dos seus contratos de traballo. Nestes casos, a empresa deberá acreditar estas cuestións no procedemento.

3. O importe da achega determinarase anualmente mediante a aplicación do tipo establecido no número 4 sobre cada un dos seguintes conceptos:

a) Contía total efectivamente aboada polo Servizo Público de Emprego Estatal por prestacións por desemprego de nivel contributivo dos traballadores de cincuenta ou máis anos afectados polos despedimentos, xeradas total ou parcialmente en virtude das cotizacións acreditadas na empresa que promoveu o seu despedimento.

b) Contía total efectivamente aboada polo Servizo Público de Emprego Estatal por cotizacións á Seguridade Social por conta da entidade xestora das prestacións por desemprego polos traballadores afectados, durante o período en que as percibiron.

c) Un canon fixo por cada traballador que esgotase a prestación por desemprego de nivel contributivo e que comece a percibir algún subsidio dos establecidos no artigo 215.1.1). a) e b), e 215.1.3) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño. Este canon calcularase mediante a totalización durante un período de seis anos da suma do custo anual do subsidio por desemprego máis o da cotización por xubilación por conta da entidade xestora no ano do esgotamento.

Tamén se fará efectivo o canon fixo por cada traballador que, non tendo dereito ao cobramento da prestación por desemprego contributiva, acceda directamente ao subsidio por desemprego previsto no artigo 215.1.2) do citado texto refundido da Lei xeral da seguridade social, como consecuencia da situación legal de desemprego motivada polo despedimento.

4. O tipo aplicable será o fixado pola seguinte escala en función do número de traballadores da empresa, do número de traballadores de cincuenta ou máis anos de idade afectados polo despedimento e da porcentaxe dos beneficios da empresa sobre os ingresos:

Tipo aplicable para calcular a achega económica

Porcentaxe de traballadores afectados de 50 ou máis anos en relación co número de traballadores despedidos	Porcentaxe de beneficios sobre os ingresos	Número de traballadores na empresa		
		Máis de 2.000	Entre 1.000 e 2.000	Entre 101 e 999
Máis do 35 %.	Máis do 10 %.	100 %	95 %	90 %
	Menos do 10 %.	95 %	90 %	85 %
Entre 15 % e 35 %.	Máis do 10 %.	95 %	90 %	85 %
	Menos do 10 %.	90 %	85 %	80 %
Menos do 15 %.	Máis do 10 %.	75 %	70 %	65 %
	Menos do 10 %.	70 %	65 %	60 %

5. Para os efectos do disposto no punto anterior teranse en conta as seguintes regras:

a) A porcentaxe de traballadores despedidos de cincuenta ou máis anos sobre o total de traballadores despedidos calcularase ano a ano, dentro do período previsto para a realización dos despedimentos que figure na comunicación da decisión empresarial á autoridade laboral tras a finalización do período de consultas, tendo en conta o número total de ambos os colectivos que foi obxecto de despedimento ata o ano en que se efectúa o cálculo.

b) No suposto a que se refire o número 1.c).1.<sup>a</sup>, os beneficios da empresa ou grupo de empresas cuantificaranse en función da porcentaxe media destes respecto dos ingresos obtidos nos dous exercicios inmediatamente anteriores a aquel en que se inicie o procedemento de despedimento colectivo.

c) No suposto a que se refire o número 1.c).2.<sup>a</sup>, os beneficios da empresa ou grupo de empresas cuantificaranse en función da porcentaxe media destes respecto dos ingresos obtidos nos dous primeiros exercicios consecutivos en que a empresa obtivese beneficios dentro do período indicado nese punto.

d) O número de traballadores da empresa ou grupo de empresas calcularase segundo os que se encontren en alta na empresa ou grupo de empresas ao comezo do procedemento de despedimento colectivo, con independencia de que traballen a xornada completa ou a tempo parcial.

6. No suposto a que se refire o número 1.c).2.<sup>a</sup>, o cálculo da primeira achega incluírá todos os conceptos establecidos no número 3 correspondentes ao período comprendido desde a data dos despedimentos ata o segundo exercicio consecutivo, incluído este, en que a empresa obtivese beneficios. Considerarase este mesmo período para a determinación da porcentaxe de traballadores para efectos da aplicación da regra establecida no número 5.a).

7. As empresas a que se refire esta disposición presentarán, ante a autoridade laboral competente no procedemento de despedimento colectivo, un certificado asinado por persoa con poder suficiente no cal deberá constar a información que se determine regulamentariamente, nos seguintes prazos:

a) Cando concorran as circunstancias establecidas no número 1, letras a), b) e c).1.<sup>a</sup>, tres meses contados desde que finalice o ano seguinte ao comezo do procedemento de despedimento colectivo.

b) Cando concorran as circunstancias establecidas no número 1, letras a), b) e c).2.<sup>a</sup>, antes de que finalice o exercicio inmediatamente posterior a aquel en que se cumpra o último dos tres requisitos mencionados.

En ambos os casos, a autoridade laboral deberá remitir o dito certificado ao Servizo Público de Emprego Estatal.

8. O procedemento para a liquidación e o pagamento da achega económica determinarase regulamentariamente.

9. Cando o despedimento colectivo implique a cesación total da actividade da empresa no territorio español, poderanse adoptar as medidas cautelares oportunas, de acordo coa lei, para asegurar o cobramento da débeda correspondente á achega económica, mesmo cando esta non fose obxecto de cuantificación e liquidación con carácter previo.

10. No suposto de cambio de titularidade da empresa, o novo empresario quedará subrogado nas obrigas establecidas nesta disposición.

11. Será exigible a achega a que se refire a presente disposición cando a empresa proceda á aplicación de medidas temporais de regulación de emprego que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos con carácter previo á extinción dos contratos de traballo dos mesmos traballadores, en virtude de despedimento colectivo ou doutros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, sempre que non transcorrese máis dun ano entre a finalización da situación legal de desemprego derivada da aplicación das medidas temporais de regulación de emprego e a extinción do contrato de cada traballador.

En todo caso, para o cálculo da achega económica tomarase en conta o importe das cantidades realizadas polo Servizo Público de Emprego Estatal a que se refire o número 2, durante os períodos de aplicación de medidas de regulación temporal de emprego previos á extinción dos contratos, incluídos, de ser o caso, os que poidan corresponder en concepto de reposición da duración da prestación por desemprego de nivel contributivo, sen prexuízo do establecido no número 3.c).

12. Polo menos o 50% das cantidades recadadas no exercicio inmediatamente anterior consignarase no orzamento inicial do Servizo Público de Emprego Estatal coa finalidade de financiar accións e medidas de reinserción laboral específicas para o colectivo dos traballadores de cincuenta ou máis anos que se encontren en situación legal de desemprego, para o cal no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal deberán constar créditos destinados a financiar este tipo de accións e medidas.

13. Para os efectos previstos nesta disposición, consideraranse incluídos no concepto de empresa os entes, organismos e entidades que formen parte do sector público e que non teñan a consideración de Administración pública conforme o previsto no artigo 3.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

14. O previsto nesta disposición será de aplicación aos procedementos de despedimento colectivo iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2013.»

*Disposición adicional primeira. Mantemento do emprego durante a percepción da pensión de xubilación compatible co traballo.*

As empresas en que se compatibilice a prestación de servizos co desfrute da pensión de xubilación conforme o disposto no capítulo I non deberán adoptar decisións extintivas improcedentes nos seis meses anteriores á dita compatibilidade. A limitación afectará unicamente as extincións producidas con posterioridade á entrada en vigor desta lei e para a cobertura daqueles postos de traballo do mesmo grupo profesional que os afectados pola extinción.

Unha vez iniciada a compatibilidade entre pensión e traballo, a empresa deberá manter, durante a vixencia do contrato de traballo do pensionista de xubilación, o nivel de

emprego existente nela antes do seu inicio. A este respecto, tomarase como referencia a media diaria de traballadores de alta na empresa no período dos 90 días anteriores á compatibilidade, calculado como o cociente que resulte de dividir entre 90 a suma dos traballadores que estivesen en alta na empresa nos 90 días inmediatamente anteriores ao seu inicio.

Non se considerarán incumpridas as obrigas de mantemento do emprego anteriores cando o contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario cando un ou outro sexa declarado ou recoñecido como procedente, nin as extincións causadas por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez dos traballadores ou pola expiración do tempo conviado ou a realización da obra ou servizo obxecto do contrato.

Disposición adicional segunda. *Novo réxime de compatibilidade da pensión de xubilación ou retiro de clases pasivas.*

O artigo 33 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, queda redactado como segue:

«1. As pensións de xubilación ou retiro, a que se refire este capítulo, serán incompatibles co desempeño dun posto de traballo ou alto cargo no sector público por parte dos seus titulares, entendido este de conformidade co disposto no parágrafo 2 do número 1 do artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e aplicándose, para este efecto, as excepcións recollidas na disposición adicional novena da dita lei e, no caso de que non se perciban retribucións periódicas polo desempeño de cargos electivos como membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas ou das corporacións locais, as previstas no seu artigo 5.

2. Así mesmo, con carácter xeral, a percepción das pensións de xubilación ou retiro será incompatible co exercicio dunha actividade, por conta propia ou allea, que dea lugar á inclusión do seu titular en calquera réxime público de Seguridade Social.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a percepción das pensións de xubilación ou retiro, no suposto recollido na letra a) do artigo 28.2 deste texto refundido, será compatible co exercicio dunha actividade, por conta propia ou allea, que dea lugar á inclusión do seu titular en calquera réxime público de Seguridade Social, nos seguintes termos:

a) A idade de acceso á pensión de xubilación ou retiro debe ser, polo menos, a establecida como idade de xubilación forzosa para o correspondente colectivo de funcionarios públicos.

b) A porcentaxe aplicable ao haber regulador para efectos de determinar a contía da pensión debe ser do cen por cento.

En caso de desempeñar unha actividade compatible, a contía da pensión será equivalente ao cincuenta por cento do importe resultante no recoñecemento inicial, unha vez aplicado, se procede, o límite máximo de pensión pública, ou o que o pensionista estea a percibir na data de inicio da actividade, excluído, en todo caso, o complemento por mínimos, que non se poderá percibir durante o tempo en que se compatibilice pensión e actividade.

A pensión revalorizarase na súa integridade nos termos establecidos para as pensións do réxime de clases pasivas. No entanto, mentres se desempeñe o traballo compatible, o importe da pensión máis as revalorizacións acumuladas reducirase nun cincuenta por cento.

3. A percepción das pensións de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade será incompatible co exercicio dunha actividade, por conta propia ou allea, que dea lugar á inclusión do seu titular en calquera réxime público de Seguridade Social.

No entanto, nos termos que regulamentariamente se determinen, nos supostos de pensións de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, cando o interesado non estea incapacitado para toda profesión ou oficio, poderase compatibilizar a percepción da pensión co desempeño da dita actividade sempre que sexa distinta á que viña realizando ao servizo do Estado. Neste caso, e mentres dure a dita situación, o importe da pensión recoñecida reducirase ao 75 por cento da correspondente contía de se acreditaren máis de 20 anos de servizos efectivos ao Estado; ou ao 55 por cento se o interesado cubrise menos de 20 anos de servizos no momento da súa xubilación ou retiro.

4. A percepción das pensións afectadas polas incompatibilidades sinaladas nos números anteriores quedará en suspenso por meses completos, desde o día primeiro do mes seguinte ao comezo da actividade que determina a incompatibilidade ata o último día do mes en que se finalice, sen que isto afecte os incrementos que deban experimentar tales pensións, conforme o disposto no artigo 27 deste texto.

Como excepción aos efectos da suspensión sinalados no parágrafo anterior, se a actividade incompatible se inicia o día primeiro dun mes, a suspensión do aboamento procederá desde o día primeiro do mes en que se realice a actividade incompatible.

No suposto regulado no precedente número 2, tanto a redución como o restablecemento do importe íntegro da pensión levarase a cabo por meses completos, cos efectos sinalados nos parágrafos anteriores.

5. A situación económica dos perceptores de pensións de xubilación ou retiro revisarase de oficio, coa periodicidade que regulamentariamente se determine, para efectos da aplicación das normas anteriores, sen prexuízo das revisións que procedan por instancia do interesado.»

*Disposición adicional terceira. Aplicación do novo réxime de compatibilidade da pensión de xubilación ou retiro de clases pasivas.*

O réxime de compatibilidades da pensión de xubilación ou retiro de clases pasivas regulado na disposición adicional segunda será de aplicación ás pensións que se causen ou causasen a partir do 1 de xaneiro de 2009, sen prexuízo de que os efectos económicos non poderán ser, en ningún caso, anteriores á data de entrada en vigor desta norma.

As pensións de xubilación ou retiro causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009 manterán o réxime de incompatibilidades que lles viña sendo de aplicación.

*Disposición adicional cuarta. Colaboración da Inspección de Traballo e Seguridade Social en relación coa xubilación anticipada.*

A Inspección de Traballo e Seguridade Social prestará a súa colaboración e apoio ás entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social para efectos de comprobar que o acceso á modalidade de xubilación anticipada derivada do cesamento no traballo por causa non imputable á libre vontade do traballador, a que se refire o número 2.A) do artigo 161 bis do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, se produce conforme os requisitos exixidos nel; en caso de infracción, procederase de acordo co disposto nos artigos 23.1.c) e e) e 26.1 e 3 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto. Nestes supostos, a gradación das sancións correspondentes ás infraccións moi graves tipificadas nas letras c) e e) do artigo 23.1 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, realizarase conforme o disposto no artigo 39 da citada norma. Neste sentido, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social aprobará criterios de aplicación uniforme que garantan o debido reproche administrativo ás actuacións de natureza fraudulenta.

A Inspección de Traballo e Seguridade Social extremará, en particular, os controis sobre os supostos en fraude de lei relativos aos despedimentos obxectivos por causas económicas, técnicas, organizativas ou da produción, conforme o artigo 52.c) do Estatuto

dos traballadores, así como a extinción do contrato de traballo motivada pola existencia de forza maior constatada pola autoridade laboral conforme o establecido no artigo 51.7 do Estatuto dos traballadores.

A colaboración alcanzará a inclusión no Plan integrado de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo cos plans anuais de obxectivos acordados coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, dunha planificación específica dirixida a previr e reprimir os supostos de simulación da relación laboral, altas ficticias e convivencia para o acceso indebido á xubilación anticipada, establecendo para iso as accións que cómpre realizar e os obxectivos que se pretenden conseguir, así como as medidas necesarias para facilitar o seu cumprimento.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social aprobará criterios de aplicación uniforme que lles permitan ás entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e á Inspección de Traballo e Seguridade Social realizar actuacións de control ante posibles supostos de fraude no acceso indebido á xubilación anticipada.

Disposición adicional quinta. *Informe sobre a recomendación 16.ª do Pacto de Toledo.*

O Goberno, no marco do informe sobre o grao de desenvolvemento da previsión social complementaria e sobre as medidas que se poderían adoptar para promover o seu desenvolvemento en España, previsto na disposición adicional décimo novena da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, realizará as propostas oportunas para proceder a regular a posibilidade do rescate das achegas realizadas a plans e fondos de pensións, regulados no Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, unha vez que se alcance a idade legal de xubilación do partícipe, mesmo cando se compatibilice o disfrute da pensión de xubilación do sistema da Seguridade Social coa realización de calquera traballo por conta allea ou por conta propia nos termos definidos no capítulo primeiro deste decreto lei.

Disposición adicional sexta. *Actuación da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos no ámbito das comunidades autónomas.*

Se nun prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei as comunidades autónomas non constituísen e puxesen en funcionamento un órgano tripartito equivalente á Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos ou subscribisen un convenio de colaboración co Ministerio de Emprego e Seguridade Social en que se acorde a actuación da Comisión no ámbito territorial das comunidades asinantes, a Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos poderá, subsidiariamente e sempre que non se constituán os ditos órganos tripartitos equivalentes, de ser o caso, coñecer das solicitudes presentadas polas empresas e os representantes legais dos traballadores para dar solución ás discrepancias xurdidas por falta de acordo sobre a inaplicación das condicións de traballo, presentes no convenio colectivo de aplicación, cando a dita inaplicación afectase centros de traballo da empresa situados no territorio dunha comunidade autónoma.

Disposición adicional sétima. *Informe previo das entidades, participadas maioritariamente ou apoiadas financeiramente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, e dos entes, organismos e entidades do sector público estatal.*

1. As entidades participadas maioritariamente ou apoiadas financeiramente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, así como os entes, organismos e entidades que formen parte do sector público estatal e non teñan a consideración de Administración pública conforme o previsto no artigo 3.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, deberán informar unha comisión técnica integrada por representantes dos ministerios de Emprego e Seguridade Social, Economía e Competitividade e Facenda e

Administracións Públicas, con carácter previo, tanto do inicio de calquera procedemento de despedimento colectivo como de calquera proposta de acordo que cumpra presentar á representación dos traballadores durante o desenvolvemento do período de consultas.

2. Mediante disposición regulamentaria creárase e regularase o funcionamento da comisión técnica prevista no número anterior sen que a súa creación supoña incremento do gasto público.

Disposición adicional oitava. *Políticas activas de emprego para maiores de 55 anos.*

Os traballadores maiores de 55 anos que esgotasen a prestación por desemprego de nivel contributivo ou calquera dos subsidios por desemprego establecidos no texto refundido da Lei xeral de seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, ou non teñan dereito a eles, terán a condición de colectivo prioritario para a súa participación nas accións e medidas de políticas activas de emprego que desenvolvan os servizos públicos de emprego para os efectos previstos no artigo 19 octies da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

Disposición adicional novena. *Creación dun comité de expertos para o estudo do factor de sustentabilidade do sistema da Seguridade Social.*

O Goberno, no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei, creará un comité de expertos independentes co fin de que elabore un informe sobre o factor de sustentabilidade do sistema da Seguridade Social, para a súa remisión á Comisión do Pacto de Toledo, en liña co previsto na disposición adicional quincuaxésimo novena do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, introducido pola Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

Disposición transitoria única. *Subsidio por desemprego para maiores de 55 anos.*

Aos titulares do dereito ao subsidio por desemprego previsto no artigo 215.1.3) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, cuxo nacemento do dereito se iniciase con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, seralles de aplicación a normativa sobre o requisito de carencia de rendas vixente nese momento durante toda a duración do subsidio e será de aplicación o previsto no número un da disposición derradeira primeira deste real decreto lei a aquelas solicitudes cuxo nacemento do dereito ao subsidio se inicie a partir da data da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei e, de maneira específica, os números 1 e 2 da disposición adicional primeira do Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, de mellora de xestión e protección social no sistema especial de empregados de fogar e outras medidas de carácter económico e social, e o número 3 do artigo 7 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Un. Modifícase o número 3 do número 1 do artigo 215, engadindo un terceiro parágrafo coa seguinte redacción:

«Ademais, aínda que o solicitante careza de rendas, nos termos establecidos neste artigo, se ten cónxuxe e/ou fillos menores de 26 anos, ou maiores

incapacitados ou menores acollidos, unicamente se entenderá cumprido o requisito de carencia de rendas cando a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar así constituída, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.»

Dous. Modifícase o artigo 229 nos seguintes termos:

«Sen prexuízo das facultades dos servizos competentes en canto a inspección e control para a sanción das infraccións que se poidan cometer na percepción das prestacións por desemprego, corresponde á entidade xestora controlar o cumprimento do establecido neste título e comprobar as situacións de fraude que se poidan cometer.

A entidade xestora poderá exixir aos traballadores que fosen despedidos en virtude das letras c), d) e e) do número 1 do artigo 208, acreditación de ter percibido a indemnización legal correspondente.

No caso de que a indemnización non se percibise, nin se interpuxese demanda xudicial en reclamación da dita indemnización ou de impugnación da decisión extintiva, ou cando a extinción da relación laboral non comporte a obriga de lle aboar unha indemnización ao traballador, reclamarase a actuación da Inspección para os efectos de comprobar a involuntariedade do cesamento na relación laboral.

Para tal fin, a entidade xestora poderá suspender o aboamento das prestacións por desemprego cando se aprecien indicios suficientes de fraude no curso das investigacións realizadas polos órganos competentes en materia de loita contra a fraude.»

Tres. Incorporárase un novo número, o 6, na disposición adicional oitava, nos seguintes termos:

«6. Malia o indicado nos números precedentes, o disposto no artigo 166.3 e a escala de idades incluída no artigo 166.2 a) non será de aplicación aos traballadores a que se refire a norma 2.<sup>a</sup> da disposición transitoria terceira do Decreto 1867/1970, do 9 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 116/1969, do 30 de decembro, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.»

Catro. Modifícase a disposición adicional trixésimo novena que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo novena. *Requisito de estar ao día no pagamento das cotas para o efecto das prestacións.*

1. No caso de traballadores que sexan responsables do ingreso de cotizacións, para o recoñecemento das correspondentes prestacións económicas da Seguridade Social será necesario que o causante estea ao día no pagamento das cotizacións da Seguridade Social, aínda que a correspondente prestación sexa recoñecida, como consecuencia do cómputo recíproco de cotizacións, nun réxime de traballadores por conta allea.

Para tales efectos, será de aplicación o mecanismo de invitación ao pagamento previsto no artigo 28.2 do Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, calquera que sexa o réxime da Seguridade Social en que o interesado estivese incorporado, no momento de acceder á prestación ou no cal se cause esta.

2. Cando se considere que o interesado está ao día no pagamento das cotizacións para efectos do recoñecemento dunha prestación, en virtude dun adiamento no pagamento das cotas debidas, pero posteriormente incumpra os prazos ou as condicións do dito adiamento, perderá a consideración de estar ao



día no pagamento e, en consecuencia, procederáse á suspensión inmediata da prestación recoñecida que estiver a percibir, a cal soamente poderá ser rehabilitada unha vez que salde a débeda coa Seguridade Social na súa totalidade. Para tal fin, de conformidade co establecido no artigo 40.1.b) desta lei, a entidade xestora da prestación poderá detraer de cada mensualidade devindicada polo interesado a correspondente cota debida.

3. Para os efectos do recoñecemento do dereito a unha pensión, as cotizacións correspondentes ao mes do feito causante da pensión e aos dous meses previos a aquel, cuxo ingreso aínda non conste como tal nos sistemas de información da Seguridade Social, presumiranse ingresadas sen necesidade de que o interesado o teña que acreditar documentalmente. Nestes supostos, a entidade xestora revisará, con periodicidade anual, todas as pensións recoñecidas durante o exercicio inmediato anterior baixo a presunción de situación de estar ao día para verificar o ingreso puntual e efectivo desas cotizacións. En caso contrario, procederáse inmediatamente á suspensión do pagamento da pensión e aplicaranse as mensualidades retidas á amortización das cotas debidas ata a súa total extinción, rehabilitándose o pagamento da pensión a partir dese momento.

O previsto no parágrafo anterior será de aplicación sempre que o traballador acredite o período mínimo de cotización exigible, sen computar para estes efectos o período de tres meses referido nel.»

Cinco. Introdúcese unha nova disposición adicional, a sesaxésimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sesaxésimo cuarta. *Aplicación da xubilación parcial aos socios das cooperativas.*

Poderán acollerse á xubilación parcial regulada no artigo 166.2 os socios traballadores ou de traballo das cooperativas, sempre que estean incluídos no sistema da Seguridade Social como asimilados a traballadores por conta allea, nos termos da disposición adicional cuarta, que reduzan a súa xornada e dereitos económicos nas condicións previstas no artigo 12.6 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e cumpran os requisitos establecidos no artigo 166.2 desta lei, cando a cooperativa concerte cun socio de duración determinada ou cun desempleado a realización, en calidade de socio traballador ou de socio de traballo, da xornada deixada vacante polo socio que se xubila parcialmente, coas mesmas condicións establecidas para a celebración dun contrato de remuda no artigo 12.7 da Lei do Estatuto dos traballadores, e conforme o previsto no artigo 166 desta lei.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, de mellora de xestión e protección social no sistema especial para empregados de fogar e outras medidas de carácter económico e social.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2013, o Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, de mellora de xestión e protección social no sistema especial para empregados de fogar e outras medidas de carácter económico e social, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os complementos por mínimos serán incompatibles coa percepción polo pensionista de rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as ditas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas e computados conforme o establecido no artigo 50 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, cando estes excedan os 7.063,07 euros ao ano.»

Dous. A letra a) do número 1 do artigo 7 queda redactada nos seguintes termos:

«a) Que o cónxuxe do pensionista non sexa, pola súa vez, titular dunha pensión a cargo dun réxime básico público de previsión social, entendendo comprendidos no dito concepto as pensións recoñecidas por outro Estado, así como os subsidios de garantía de ingresos mínimos e de axuda por terceira persoa, ambos da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e as pensións asistenciais reguladas na Lei 45/1960, do 21 de xullo.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Engádese un novo número 18 no artigo 8 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, coa seguinte redacción:

«18. Non presentar, en tempo e forma, ante a autoridade laboral competente o certificado a que se refire o número 7 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, así como presentar información que resulte falsa ou inexacta.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.*

As regras 2.<sup>a</sup> e 4.<sup>a</sup> do número 1 da disposición adicional primeira do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, quedan redactadas nos seguintes termos:

«2.<sup>a</sup> A solicitude de subscrición do convenio especial poderase formular ata o 31 de decembro de 2014. Nos casos en que se acredite a imposibilidade de achegar a xustificación necesaria para a súa subscrición dentro do prazo sinalado, poderase conceder, excepcionalmente, un prazo de seis meses para a súa achega, contado desde a data en que se presentase a respectiva solicitude.»

«4.<sup>a</sup> Unha vez calculado pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social o importe total da cotización que se deberá ingresar para este convenio especial, o seu aboamento poderase realizar mediante un pagamento único ou mediante un pagamento fraccionado nun número máximo de mensualidades igual ao triplo daquelas polas cales se formalice o convenio.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 1716/2012, do 28 de decembro, de desenvolvemento das disposicións establecidas, en materia de prestacións, pola Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.*

Os números 1 e 3 do artigo 4 do Real decreto 1716/2012, do 28 de decembro, de desenvolvemento das disposicións establecidas, en materia de prestacións, pola Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Para os efectos da aplicación da regulación da pensión de xubilación vixente antes do 1 de xaneiro de 2013, nos supostos recollidos no número 2.b) da

disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, os traballadores afectados, os representantes unitarios e sindicais ou as empresas disporán ata o día 15 de abril de 2013 para comunicar e pór á disposición das direccións provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social copia dos expedientes de regulación de emprego, aprobados con anterioridade ao 1 de abril de 2013, dos convenios colectivos de calquera ámbito, así como dos acordos colectivos de empresa, subscritos con anterioridade á dita data, ou das decisións adoptadas en procedementos concursais ditadas antes da data sinalada, nos cales se prevexa, nuns e noutros, a extinción da relación laboral ou a suspensión desta, con independencia de que a extinción da relación laboral se producise con anterioridade ou con posterioridade ao 1 de abril de 2013.

De igual modo, e para os mesmos efectos, nos supostos recollidos no número 2.c), segundo inciso, da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, os traballadores afectados, os representantes unitarios e sindicais ou as empresas disporán ata o día 15 de abril de 2013 para comunicaren e póren á disposición das direccións provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social os plans de xubilación parcial, recollidos en convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresas, subscritos antes do día 1 de abril de 2013, con independencia de que o acceso á xubilación parcial se producise con anterioridade ou con posterioridade ao 1 de abril de 2013. Xunto coa citada documentación presentárase certificación da empresa acreditativa da identidade dos traballadores incorporados ao plan de xubilación parcial con anterioridade ao 1 de abril de 2013.

Cando, en calquera dos supostos indicados, o expediente de regulación de emprego, o convenio colectivo de calquera ámbito ou acordo colectivo de empresa, ou a decisión adoptada no procedemento concursal afecte un ámbito territorial superior a unha provincia, a comunicación terá lugar na provincia onde a empresa teña a súa sede principal. Para estes efectos, a sede principal deberá coincidir co domicilio social da empresa sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios; noutro caso, atenderase ao lugar en que radiquen as ditas actividades de xestión e dirección.

No caso dos convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresa, xunto coa copia destes presentárase escrito onde se fagan constar os seguintes datos: ámbito temporal de vixencia do convenio ou acordo, ámbito territorial de aplicación, se estes non están xa recollidos nos referidos convenios ou acordos, e os códigos de conta de cotización afectados polo convenio ou acordo.

Pola súa vez, no prazo dun mes desde que finalice o prazo de comunicación dos convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresa a que se refire este número, as direccións provinciais citadas remitirán á Dirección Xeral do Instituto Nacional da Seguridade Social unha relación nominativa das empresas en que se subscribisen os ditos convenios ou acordos, así como a información relativa aos expedientes de regulación de emprego e ás decisións adoptadas en procedementos concursais.

Mediante resolución da Dirección Xeral do Instituto Nacional da Seguridade Social elaborárase unha relación de empresas afectadas por expedientes de regulación de emprego, convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresa, ou decisións adoptadas en procedementos concursais, nos cales resulten de aplicación as previsións da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto.»

«3. Se os suxeitos obrigados omitisen efectuar as comunicacións e presentar a documentación relativa aos convenios colectivos, expedientes de regulación de emprego ou das decisións adoptadas en procedementos concursais a que se refire o número 1 no prazo sinalado, e a Administración da Seguridade Social tiver coñecemento por outra vía da concorrencia dos requisitos previstos na disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, procederá a aplicar ao solicitante da pensión de xubilación, cando esta se cause, a lexislación anterior á

dita lei. Pola contra, no caso de acordos colectivos de empresa, será preceptiva a súa comunicación ao Instituto Nacional da Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña, de ser o caso, no prazo sinalado no número 1.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

A letra a) do número 1 do artigo 4 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, queda redactada nos seguintes termos:

«a) No caso das infraccións en materia de seguridade social reguladas na sección primeira do capítulo III do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, cuxas actas non concorran con actas de liquidación, a imposición de sanción corresponderá:

1.º Á Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social no caso das infraccións leves sinaladas nos números 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 21, as graves previstas nos números 1, 2, 3, 5, 7, 9 no suposto de reducións de cotas da Seguridade Social, 10 e 12 do artigo 22, e as moi graves previstas nas letras b), d), f) e k) do artigo 23.1.

2.º Á Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social ou, de ser o caso, do Instituto Social da Mariña nos supostos cualificados como infracción leve nos números 4 e 6 do artigo 21, como infracción grave nos números 4, 6, 8 e 14 do artigo 22, e como infracción moi grave nas letras a), c), e) e g) do artigo 23.1.

Corresponderalle a imposición de sanción á Dirección Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal ou, de ser o caso, do Instituto Social da Mariña, cando a sanción afecte prestacións por desemprego, nos supostos previstos no número 4 do artigo 21, nos números 4, 6, 8, 13 e 14 do artigo 22 e nas letras a), c), e) e g) do artigo 23.1.

3.º Á Dirección Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal no suposto previsto como infracción grave no artigo 22.9 cando se trate de bonificacións e como infracción moi grave na letra h) do artigo 23.1.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do Real decreto 1484/2012, do 29 de outubro, sobre as achegas económicas que deben realizar as empresas con beneficios que realicen despedimentos colectivos que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos.*

O Real decreto 1484/2012, do 29 de outubro, sobre as achegas económicas que deben realizar as empresas con beneficios que realicen despedimentos colectivos que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado como segue:

«1. De conformidade co número 1 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, o disposto no presente real decreto será de aplicación ás empresas que realicen despedimentos colectivos de acordo co establecido no artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores,

aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que sexan realizados por empresas de máis de 100 traballadores ou por empresas que formen parte de grupos de empresas que empreguen ese número de traballadores.

b) Que a porcentaxe de traballadores despedidos de cincuenta ou máis anos de idade sobre o total de traballadores despedidos sexa superior á porcentaxe de traballadores de cincuenta ou máis anos sobre o total de traballadores da empresa.

Para os efectos do cálculo da porcentaxe de traballadores despedidos de cincuenta ou máis anos sobre o total de traballadores despedidos inclúiranse os traballadores afectados polo despedimento colectivo e aqueles cuxos contratos se extinguísen por iniciativa da empresa en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, sempre que as ditas extincións de contratos se producisen no tres anos anteriores ou no ano posterior ao comezo do procedemento de despedimento colectivo.

Para os efectos do cálculo da porcentaxe de traballadores de cincuenta ou máis anos sobre o total de traballadores da empresa terase en conta o persoal da empresa no momento de inicio do procedemento de despedimento colectivo.

c) Que, mesmo concorrendo as causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción que xustifiquen o despedimento colectivo, se cumpra algunha das dúas condicións seguintes:

1.<sup>a</sup> Que as empresas ou o grupo de empresas de que formen parte tivesen beneficios nos dous exercicios económicos anteriores a aquel en que o empresario inicia o procedemento de despedimento colectivo.

2.<sup>a</sup> Que as empresas ou o grupo de empresas de que formen parte obteñan beneficios en polo menos dous exercicios económicos consecutivos dentro do período comprendido entre o exercicio económico anterior á data de inicio do procedemento de despedimento colectivo e os catro exercicios económicos posteriores á dita data.

Para estes efectos, considérase que unha empresa tivo beneficios cando o resultado do exercicio, tal e como se define nos modelos de contas anuais de perdas e ganancias, tanto normal como abreviada, recollidos no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, ou na normativa contable que sexa de aplicación, sexa positivo.

2. Para os efectos deste real decreto, consideraranse traballadores de cincuenta ou máis anos:

a) Todos aqueles traballadores afectados polo despedimento colectivo que teñan cumprida a dita idade na data de extinción do contrato, dentro do período previsto para a realización dos despedimentos que figure na comunicación da decisión empresarial á autoridade laboral tras a finalización do período de consultas contida no artigo 51.2 do Estatuto dos traballadores.

b) Os traballadores que teñan cumprida a dita idade na data da extinción dos seus contratos por iniciativa da empresa en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, cando as ditas extincións de contratos se producisen nos tres anos anteriores ou no ano posterior ao comezo do despedimento colectivo.

3. De conformidade co número 11 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, aplicarase o disposto neste real decreto cando a empresa proceda á aplicación de medidas temporais de regulación de emprego conforme o establecido no artigo 47 do Estatuto dos traballadores que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos con carácter previo á extinción dos contratos de traballo dos mesmos traballadores en virtude de despedimento

colectivo ou outros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a finalización da situación legal de desemprego pola aplicación a cada traballador das medidas temporais de regulación de emprego ata a extinción do contrato de cada traballador.

Para os efectos do previsto neste número, consideraranse traballadores de cincuenta ou máis anos todos aqueles que teñan cumprida ou cumpran a dita idade dentro do período previsto para a aplicación das medidas temporais de regulación de emprego.»

Dous. O número 1 do artigo 3 queda redactado como segue:

«1. Para o cálculo da achega económica a que se refire o artigo 1 tomarase en consideración o importe bruto, desde a data do despedimento, das prestacións e subsidios por desemprego dos traballadores de cincuenta ou máis anos de idade afectados polo despedimento colectivo, incluídas as cotizacións á Seguridade Social realizadas polo Servizo Público de Emprego Estatal de acordo co establecido nos seguintes números. Tamén se incluírán, para os efectos do cálculo da achega económica, os importes realizados polo Servizo Público de Emprego Estatal polos referidos conceptos dos traballadores de cincuenta ou máis anos cuxos contratos se extinguisen por iniciativa da empresa en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, sempre que as ditas extincións de contratos se producisen nos tres anos anteriores ou no ano posterior ao comezo do procedemento de despedimento colectivo.

No entanto, excluíranse do cálculo da achega económica, por petición da empresa afectada, os importes de prestacións e subsidios por desemprego dos traballadores de cincuenta ou máis anos de idade afectados que fosen obxecto de recolocación na mesma empresa, ou noutra empresa do grupo de que forme parte, ou en calquera outra empresa, nos seis meses seguintes á data en que se produza a extinción dos seus contratos de traballo. Nestes casos, a empresa deberá acreditar todos os requisitos exixidos para a recolocación no artigo 6.3, no procedemento previsto no dito artigo.»

Tres. A letra c) do número 2 do artigo 3 queda redactada como segue:

«c) Un canon fixo por cada traballador a que se refire a letra a) que esgotase a prestación por desemprego de nivel contributivo e que comece a percibir algún subsidio dos establecidos no artigo 215.1.1). a) e b), e 215.1.3) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño. Este canon calcularase mediante a totalización durante un período de seis anos da suma do custo anual do subsidio por desemprego máis o da cotización por xubilación por conta da entidade xestora no ano do esgotamento, con independencia da duración efectiva dos mencionados subsidios, e será suficiente que acceda a calquera deles.

Tamén se fará efectivo o canon fixo por cada traballador que, non tendo dereito ao cobramento da prestación por desemprego contributiva, acceda directamente ao subsidio por desemprego previsto no artigo 215.1.2) do citado texto refundido da Lei xeral da seguridade social, como consecuencia da situación legal de desemprego motivada polo despedimento colectivo ou a extinción do contrato en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador, de acordo co artigo 3.1.»

Catro. O artigo 4 queda redactado como segue:

«O tipo establecido na escala a que se refire o número 4 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011 para calcular a achega económica determinarase aplicando as seguintes regras:

a) A porcentaxe de traballadores despedidos de cincuenta ou máis anos sobre o total de traballadores despedidos calcularase ano a ano, dentro do período

previsto para a realización dos despedimentos que figure na comunicación da decisión empresarial á autoridade laboral tras a finalización do período de consultas, tendo en conta o número total de ambos os colectivos que foi obxecto de despedimento ata o ano en que se efectúa o cálculo.

Cando existan traballadores afectados por medidas de regulación temporal de emprego a que se refire o artigo 2.3, estes inclúiranse para determinar a porcentaxe indicada de traballadores despedidos de cincuenta ou máis anos sobre o total de traballadores despedidos.

O cálculo da porcentaxe obtida en cada ano non dará lugar á revisión da contía das achegas económicas dos anos anteriores, salvo erro ou falta de información no momento do seu cálculo.

b) No suposto a que se refire o artigo 2.1.c).1.<sup>a</sup>, os beneficios da empresa ou grupo de empresas cuantifícanse en función da porcentaxe media dos resultados de cada exercicio respecto dos ingresos por operacións continuadas e interrompidas considerados para calcular os ditos resultados de acordo co establecido no artigo 2.1.c), referidos aos dous exercicios económicos inmediatamente anteriores a aquel en que se inicie o procedemento de despedimento colectivo.

c) No suposto a que se refire o artigo 2.1.c).2.<sup>a</sup>, os beneficios da empresa ou grupo de empresas cuantifícanse en función da porcentaxe media deles respecto dos ingresos por operacións continuadas e interrompidas considerados para calcular os ditos resultados de acordo co establecido no artigo 2.1.c), referidos aos dous primeiros exercicios consecutivos en que a empresa obtivese beneficios dentro do período indicado no dito artigo.

d) O número de traballadores da empresa ou do grupo de empresas de que forme parte calcularase segundo os que se encontren en alta na empresa ou no grupo de empresas na data de inicio do procedemento de despedimento colectivo, con independencia de que traballen a xornada completa ou a tempo parcial.»

Cinco. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Información previa.*

1. Na determinación dos elementos que dan lugar ao cálculo da achega a que se refire este real decreto, así como o seu importe, teranse en conta o certificado a que se refire o número seguinte e a información solicitada polo Servizo Público de Emprego Estatal, con base no control realizado directamente ou a través dos mecanismos de cooperación e colaboración administrativa previstos legal e regulamentariamente.

2. O certificado a que se refire o número 7 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, deberá conter a seguinte información:

a) Datos de identificación da empresa responsable: razón ou denominación social, número de identificación fiscal, código ou códigos de conta de cotización á Seguridade Social, domicilio e actividade.

b) Resultado do exercicio e ingresos obtidos pola empresa ou o grupo de empresas de que forme parte, nos dous exercicios consecutivos mencionados no artigo 2.1.c), así como a porcentaxe media destes sobre os ingresos.

c) Data de inicio do procedemento de despedimento colectivo.

d) Número de traballadores da empresa na data de inicio do procedemento de despedimento colectivo.

e) Número de traballadores da empresa que tiñan cincuenta ou máis anos na data de inicio do procedemento de despedimento colectivo.

f) Número de traballadores afectados polo despedimento colectivo.

g) Número e identificación dos traballadores de cincuenta ou máis anos afectados polo despedimento colectivo.

h) Relación dos contratos de traballo extinguidos por iniciativa da empresa en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, con indicación da idade dos ditos traballadores, que se extinguiron no prazo de tres anos anteriores ou no ano posterior ao comezo do procedemento de despedimento colectivo.

A autoridade laboral deberá remitir o dito certificado ao Servizo Público de Emprego Estatal.

3. O Servizo Público de Emprego Estatal poderá en todo caso iniciar o procedemento a que se refire o artigo seguinte cando verifique a concorrencia das circunstancias establecidas no artigo 2.1, mesmo cando non lle fose remitido pola autoridade laboral o certificado indicado no número anterior.»

Seis. Engádese un novo número 2 e reenuméranse os actuais números 2, 3, 4 e 5 que pasan a ser os números 3, 4, 5 e 6, no artigo 6, que queda redactado como segue:

«2. De conformidade co número 6 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, no suposto a que se refire o artigo 2.1.c).2.<sup>a</sup>, o cálculo da primeira achega incluírá todos os conceptos establecidos no artigo 3.2 correspondentes ao período comprendido desde a data dos despedimentos ata o segundo exercicio consecutivo, incluído este, en que a empresa obtívese beneficios. Considerarase este mesmo período para a determinación da porcentaxe de traballadores para os efectos da aplicación da regra establecida no artigo 4.a).»

Sete. O artigo 7 queda redactado como segue:

«A resolución a que se refire o artigo 6.4 especificará, en todo caso, os seguintes aspectos:

a) Datos de identificación da empresa responsable: razón ou denominación social, número de identificación fiscal, código ou códigos de conta de cotización á Seguridade Social, domicilio e actividade.

b) Relación circunstanciada dos feitos e preceptos normativos que determinan a obriga empresarial de responder do pagamento da achega.

c) Relación nominal dos traballadores de cincuenta ou máis anos da empresa que percibiron prestacións por desemprego de nivel contributivo dentro do período a que se refire a liquidación.

d) Importes brutos, desagregados por meses, polos conceptos a que se refire o artigo 3.2, a) e b), e 3.3 que fosen satisfeitos polo Servizo Público de Emprego Estatal dentro do período liquidable por cada un dos traballadores de cincuenta ou máis anos afectados.

e) Período a que se refire a liquidación, que comprenderá o ano natural inmediatamente anterior a aquel en que se realiza a proposta de liquidación, salvo que, por aplicación do disposto nos artigos 2.3, 3.1 e 6.2, resulte procedente que comprenda os anos naturais inmediatamente anteriores a aquel en que se realiza a dita proposta.

f) Relación nominal de traballadores de cincuenta ou máis anos da empresa que se vaian ter en conta no cálculo do canon establecido no artigo 3.2.c), así como o seu importe.

g) Tipo aplicable conforme a escala fixada nos números 4 e 5 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, e o artigo 4 deste real decreto.

h) Importe total da débeda que se deberá ingresar no Tesouro público.»

Oito. O número 1 do artigo 10 queda redactado como segue:

«1. Sen prexuízo da posibilidade de presentar recurso de alzada contra a resolución indicada no artigo 6.4, as empresas deberán ingresar no Tesouro público



o importe das achegas contidas en cada unha das resolucións anuais no prazo de 30 días desde o que se produza a súa notificación.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación do Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada.*

Suprímese a disposición adicional primeira do Regulamento dos procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, aprobado polo Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro.

Disposición derradeira novena. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación por este real decreto lei poderán ser modificadas no futuro por normas de rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira décima. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup>, 17.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as materias de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, e das bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios, respectivamente.

Disposición derradeira décimo primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltanse o Goberno e os titulares dos ministerios de Emprego e Seguridade Social e de Facenda e Administracións Públicas para que, no ámbito das súas competencias, diten cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de marzo de 2013.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN